

ORALIDADE

REFRÁNS NECESARIOS PARA O EXERCICIO 8


- Á boa fame non lle chora o dente.
- A cabalo regalado non se lle mira o rabo.
- A cabra tira ao monte.
- A quen madruga, *Dios* axuda.
- A ricos non debas e a pobres non prometas.
- A San Andrés de Teixido vai de morto quen non foi de vivo.
- A vaquiña non é de onde nace, senón de onde paze.
- A vida non é como comeza, senón como acaba.
- Acabou o día, acabou a romaría.
- Arrieiros somos e no camiño nos encontraremos.
- Auga corrente non mata a xente; auga parada está envelenada.
- Auga que non has beber, déixaa correr.
- Barco grande, ande ou non ande.
- Boi bravo, rego largo.
- Brétema na montaña, pescador á cabana.
- Burro grande, ande ou non ande.
- Cada terra o seu uso, cada roca o seu fuso.
- Cada un na súa casa e *Dios* na de todos.
- Cadaquén fala da feira como lle foi nela.
- Caldo sen pan, no inferno o dan.
- Can que ladra pouco morde.
- Cando a amora madura, xa pinta a uva.
- Cando a gaivota visita o labrador, mal lle vai ao pescador.
- Cando as barbas do veciño vexas cortar, pon as túas a remollar.
- Cando o río roxe, auga leva.

- Cando o río sona é que auga leva.
- Cando se toca non se asubía.
- Canta máis présa, máis vagar.
- Canto menos vulto, máis claridade.
- Chegar e encher.
- Cóllese primeiro un *mentiroso* que un coxo.
- Comer e rañar todo é comezar.
- Con pan e viño ándase o camiño.
- Costa abaixo todos os santos axudan.
- Cre o ladrón que son todos da súa condición.
- Cría corvos e sacaranche os ollos.
- Despois que se marcha o sol, pouco día queda.
- Detrás virá quen bo me fará.
- Días de moito, vésperas de nada.
- *Dios os cría e eles se xuntan.*
- É máis o ruído que as noces.
- En casa vella todo son pingas.
- En martes, nin te cases nin te embarques.
- Entre fillos e irmáns, non metas as mans.
- Entroidiño larafuzán, comiches a chicha e deixaches o pan.
- Espir un santo para vestir outro.
- Facendo e desfacendo, imos aprendendo.
- Fai ben e non mires a quen.
- Fai máis quen quere que quen pode.
- Herba mala nunca morre.
- Home pequeno, fol de veneno.
- Ímola andando, que a festa vai boa.

Museo do Pobo Galego

- Leña verde, todo é fume.
- Lúa nova tronada, trinta días de mollada.
- Lúa posta, baixamar na costa.
- Máis vale tarde que nunca.
- Máis vale ter que desexar.
- Mal de moitos, consolo de parvos.
- Mentres hai vida, hai esperanza.
- Na casa do ferreiro, coitelo de pau e na do carpinteiro, a porta no *chau*.
- Ninguén nace aprendido.
- Non é máis rico o que máis ten.
- Non é ouro todo o que reloce.
- Non hai feira mala: o que un perde, outro gana.
- Non hai lúa como a de xaneiro, nin amor como o primeiro.
- Non hai maior desprezo que non facer aprecio.
- Non hai mal que por ben non veña.
- Non hai peor xordo que o que non quere ouvir.
- Non hai pouco que non chegue, nin moito que non se acabe.
- Non lles fagas mal, que non cho merecen; non lles fagas ben, que non cho agradecen.
- Nunca chove a gusto de todos.
- Nunca choveu que non escampase.
- Nunca falta un roto para un descosido.
- O demo sabe máis por vello que por demo.
- O falar non ten cancelas.
- O mal e o ben na cara se ven.
- O mal viño fai boa augardente.
- O paxaro, onde cría, pía.
- O que de mozo bailou ben, de vello dálle xeito.

- O raposo cambia de pelo, pero non de mañas.
- Onde comen dous, comen tres.
- Onde non te chamen, non te metas.
- Ou nas uñas ou nos pés, has de saír a quen es.
- Outra vaca no millo.
- Ovella que fala, bocado que perde.
- Pola boca morre o peixe.
- Pola codia baila o can.
- Por campar, rabiar.
- Quen chega tarde nin oe misa, nin come carne.
- Quen garda sempre ten.
- Quen moito corre logo para.
- Quen non chora non mama.
- Quen non corre voa.
- Quen non quere caldo, sete cuncas.
- Quen pregunta quer saber.
- Quen rouba a un ladrón ten cen anos de perdón.
- Quen se pica allos come.
- Quen ten cu ten medo.
- Quen ten maña sempre apaña.
- Saír dun souto para meterse noutro.
- Sarna con gusto non pica.
- Se non é boi, é vaca.
- Sen palla non se fai o palleiro.
- Sol madrugueiro, auga no palleiro.
- Uns nacen con estrela e outros nacen estrelados.
- Vale máis malo coñecido que bo por coñecer.



Museo do Pobo Galego

- Vale máis maña que forza.
- Vale máis só que mal acompañado.
- Vale máis tardar que non chegar.
- Xente crecente ten o dente no dente.



Museo do Pobo Galego